



A CORUÑA: Avda. de Joaquín Planells s/n, local 1752. 15007 - Tfno: 670256956

SANTIAGO: Rúa Pitelos nº 35, local 32, Galerías Viacambre. 15702 - Tel/Fax: 981 58 07 00

LUGO: Rúa Conde 31, entresuelo izqda. 27003 - Tfno-fax: 982240066

OURENSE: Rúa Bedoya 5, 2º dcha. 32004 - Tfno-fax: 988252323

PONTEVEDRA: Pr. Curros Enríquez 1, ofic.201. 36001 - Tfno: **986857545**

Resumo da Xunta de Persoal da Xefatura Territorial de Educación de Pontevedra

Cuarta feira (mércores), 20 de outubro do 2021

Asisten: STEG, CIG, CC.OO, FETE-UGT, ANPE. Xefe Territorial (César A. Pérez Ares) e Xefe de Inspección Pontevedra (Manuel Torres Vizcaya).

1. Concurso Xeral de Traslados 2021-2022

Solicitud de información: Previsión de xubilacións até 31 de decembro de 2021. Vacantes de resultas non cubertas no último CXT. Vacantes non ocupadas por persoal definitivo ofertadas no último CADP.

O Xefe Territorial comenta que a primeira parte enviarana xa (xubilacións). As vacantes de resultas e non ocupadas, vanllas pedir a Santiago (Canosa, subdirector xeral de recursos humanos) para que as teñamos. Desde Pontevedra argumentan que non é unha cousa deles, que a información depende de Santiago, e que eles sempre dan toda a información.

Desde o **STEG** consideramos que este tipo de cuestións semella sempre que andan botando a pelota duns sitios a outros. Esperemos que neste CXT poidamos ter as vacantes dentro do prazo para que os docentes poidamos tomar as decisións con toda a información real.

2. Criterios a aplicar nas gardas e posible compensación no horario lectivo para a realización de ditas gardas.

Desde as organizacións sindicais queremos aclarar como rexen os criterios das gardas nas escolas. Ante isto, o Xefe Territorial escúdase na autonomía dos centros educativos, polo que dentro da súas capacidades e no Plan Xeral teñen que decidir como realizar. De forma que nos encontramos con grandes disparidades nesta xestión desde as direccións. Para Xefatura Territorial a autonomía debe manterse e o criterio que prima é que o centro ten toda a capacidade para decidir e organizar as gardas.

Desde o **STEG** puxemos sobre a mesa a situación do **CPI de Rodeiro** onde a dirección considera que poden superar as 23 sesións lectivas e o profesorado de secundaria pecha a 24 horas ou máis pois fai o cálculo en base aos 60 minutos dunha hora e que as sesións son de 50 minutos. Ante isto, novamente a Xefatura Territorial considera que é algo interno e que no fondo a norma fala de 1 hora e cada dirección pode facer as adaptacións que considere, polo que non ve mal que se fagan máis sesións sempre que compute dentro das 23 horas.

Parécenos que esta interpretación pode dar lugar a unha ampliación encuberta da xornada laboral de secundaria desde as 23 sesións actuais ás 27 sesións facendo ese cómputo de minutos. Seguiremos atentos a esta resolución.

3. Plazos de entrega das programacións didácticas ao inicio de curso. Criterios.

Trasladamos desde as organizacións sindicais que non se pode ser estricto cos prazos (até 15 de setembro para entregar na dirección as programacións didácticas). Desde a inspección manifestan que non van ser estritos con esa data de entrega, mais si que se debe intentar que as programacións didácticas estean entregadas canto antes.

4. Presencialidade nas reunións dos martes para os equipos docentes. Criterios.

A XT manifesta que durante o ano pasado a reunión dos martes polas tardes permitiuse unha certa falta na presencialidade, mais para este ano xa deben ser presenciais sen excepcionalidade.

Desde o **STEG** consideramos que seguimos en pandemia e desde a Administración queren facer crer que non, están contando con todo como se fora superado e aínda temos que pasar este inverno e ver como se desenvolve a Covid-19. Parécenos pouco prudente non permitir manter certas reunións de forma telemática e obrigar con carácter xeral a facelas presenciais.

5. Centros con diversas problemáticas:

Deuse traslado de diversas problemáticas en centros, se ben dado que a xuntanza foi tan tarde, aínda que lle demandáramos a xuntanza para setembro, hai situacións que se resolveron e outras para as que é moi tarde. É inaceptábel non termos esta xuntanza a principios de curso, mesmo antes de que saia o CADP de secundaria para poder corrixir os erros.

Antes de nada, a Xefatura Territorial publicita que en Pontevedra son moi “xenerosos” no alumnado con necesidades educativas especiais e conceden todos os casos certificados con Atención de Coidadores (267 na actualidade para este 2021/2022), se ben a continuación sempre aclaran que os informes do Equipo de Orientación non son vinculantes, polo que recoñecen casos nos que non se conceden por outros motivos.

Expomos a seguir os centros que se solicitou información e a resposta dada desde a Xefatura Territorial ou o Xefe de Inspección:

MESTRAS/ES:

Bueu	CEIP A Pedra	Supresión de 1 unidade de EI e dous postos. 19 alumnos/as en EI 4º.	<i>XT-XI: Está todo correcto. Baixan os alumnos.</i>
Bueu	CEIP Espiñeira Aldán	Ante a negativa de varias familias a entrar con máscara ao recinto do centro como marca o Protocolo sanitario están precisando presenza policial nas entradas e saídas para non deixar pasar a aqueles familiares que non cumplan coa normativa.	Xa se cumpriu.

Bueu	CEIP Montemogos	Orientación pasou a OC con Beluso-Cela eliminando a provisional. ALC co CEIP Torre-Cela. FI compartida co CEIP A Pedra. EI con alumnado nº 8/19/8	<i>XT-XI: Está todo correcto. Só cambia o centro de itinerancia.</i>
Bueu	CEIP Torre Cela	Non teñen concedido o apoio de infantil, conta con 3 aulas e 43 alumnos, entre os que hai dous autistas e un con un 33% de minusvalía. 2 postos do departamento de Orientación pasan a ser itinerantes.	<i>XT-XI: Está todo correcto. O apoio é con 50. Teñen moitas horas de liberacións.</i>
Cangas	CEIP do Hío	Solicitamos un cambio de itinerancia para a praza de AL do CEIP do Hío que pasaría de itinerar co CEIP Castrillón-Coiro ao CEIP Espiñeira-Aldán, tal e como realizan as compañeiras do departamento de Orientación (Orientadora e PT) do mesmo centro, polos diferentes motivos: - Por proximidade ao centro: O CEIP do Hío está a unha distancia de 7,9km do CEIP do Castrillón-Coiro do e a 5,2 do CEIP Espiñeira-Aldán. O CEIP A Rúa está a 1,9 km do CEIP do Castrillón-Aldán e a 11 Km de Espiñeira-Aldán. Coas actuais itinerancias a administración pública está pagando kilómetros de máis, facendo un gasto público innecesario, xa que paga 11, 8 kilometros de máis por cada desprazamento. - Por optimizar recursos persoais: ter diferentes itinerancias dentro do mesmo Departamento de Orientación (PT-Orientación CEIPP Espiñeira-Aldán// AL CEIP Castrillón-Coiro) vai en detrimento da coordinación, eficacia e produtividade, vendo reducidos os momentos de coordinación e traballo en equipo, repercutindo negativamente no noso alumnado. Se non fose posible o cambio no presente curso escolar, solicitamos que se teña en conta esta petición para modificala no vindeiro curso 2022-2023	<i>XT-XI: toman nota e para o vindeiro ano pensarán ben a itinerancia.</i>
Cangas	CEIP San Roque de Darbo	supresión dun posto de EI. 23 alumnos/as de EI 4º. Falta o apoio.	<i>XT-XI: Está todo correcto. Baixan os alumnos. (11+11, 14+15, 18+18). Considera que non ten moito senso e mantíveronse as dúas liñas.,</i>
Cuntis	CPI Cuntis	Envíase un ARCO , só até decembro. (PROA+ é até final de ano).	<i>XT-XI: Todo correto.</i>
Gondomar	CEIP Souto-Donas	AL e Orientación. Moito alumnado neae diagnosticados e en proceso, discapacidades e dificultades de linguaxe, varios casos de dificultades psicolingüísticas en EI6º. EP1 con 25 alumnos/as, dos que un é TEA e Trastorno específico da linguaxe con discapacidade recoñecida. O PT/AL de atención preferente non é suficiente	<i>XT-XI: O centro non pediu nada. A inspección valorarao.</i>
Gondomar	CRA Antía Cal	Orientación adxudicada compartida co CEIP Souto-Do... catálogo do DOG 6	<i>XT-XI: Todo correto e cubertas as</i>

		<p>de agosto e a adxudicación provisional solicítase a tempo completo, así como a atención necesaria ao CEIP Souto...</p> <p>Non tiñan departamento de orientación, despois de solicitalo adicáronllo este ano e deronlle a tempo completo na provisional pero na definitiva aplicárono como compartido centro h... soutu... e danlles 3 días... 2 a soutu... o inspector pediulle 2 días e... chegou o mes... comunic... e so vai estar... a CRA como orientador... as no soutu donas... centro hai 108 alumnos... aínda non t... sticados os alumnos... esidades pero cos casos que xa coñecen... arar... orientador precisaría... no mínimo 3 días no centro, xa que ao ser o primeiro ano co... a figura precisa facer... liación inicial de tódolos alumnos do centro.</p>	<p>necesidades especialmente a Atención a Coidadores que xa a van... ir.</p> <p>XT-XI: Todo correto.</p>
Marín	CEIP de Ardán	<p>... EP e o PT itineraria a dous centros máis.</p>	<p>XT-XI: Todo correto. Non é certo que falte nada segundo catálogo. O IT estaba 10 horas o ano pasado a agora 15h.</p>
Marín	EEl Nª Sra. Do Carme	<p>... co mestres a dous nun ano: tres postos... imidos: Inglés; e AL e EI, que pasan a ser... r. Non se autoriza... trícula de alumno que cambiou de domi...</p>	<p>XT-XI: Baixou a matrícula un 40% e unidades de 3 a 2. Ten máis que o fixado no catálogo. O problema é que o antigo director cesa o 31/8 e a nova directora non a puido pedir até que lle chegou a notificación do nomeamento e por iso a baixa non estaba cuberta a tempo (un problema administrativo).</p>
Moaña	EEl de Verducedo	<p>Modificación da adxudicación definitiva do posto de AL (completo, non itinerante) para ser compartida co CEIP de Quintela. Tres alumnos/as con neae e informe EOE con coidador/a e AL e PT. Solicítase a reposición a tempo completo, e adxudicación das horas de especialista requiridas ao CEIP de Quintela.</p>	<p>XT-XI: Teñen docentes suficientes para atender as necesidades. Non hai ningún problema. O profesorado ten que facer a atención á necesidade tamén.</p>
Moraña	CPI Santa Lucía	<p>Falta o segundo especialista completo de EF. Despois da supresión, ten 11 unidades de Primaria</p>	<p>XT-XI: Un docente só, case cobre todo o horario (22h).</p>
Pontecesures	CPI de Pontecesures	<p>Neste centro tiñan un mestre de PT que estaba na ESO y se xubilou no 21-12-2020, dita praza cubriuse o curso pasado 2020-2021 con un substituíto.</p>	<p>XT-XI: Todo correcto. O criterio da Consellería é que se cubran con PT.</p>

		<p>A vacante nin se cubriu co CXT nin co CADP para este curso 2021-2022. Fumos este ano igual que en cursos anteriores adxudicatarios do programa ARCO e PROA*, eso evidencia as necesidades que temos neste centro.</p> <p>En resumidas contas cos mesmos alumnos e casos NEAE que o curso anterior, ademais de ter menos horas de ARCO-PROA (un docente menos), non temos docente de PT da ESO.</p> <p>Temos unha mestra de PT en primaria pero que ten suficiente para atender en infantil e primaria.</p> <p>As necesidades de PT na ESO foron xustificadas ao finalizar o curso pasado con un informe do DO.</p>	<p><i>E tamén que deben pedir prioritariamente os programas ARCO e PROA+.</i></p>
Pontevedra	CEIP Marcos da Portela	Orientación en comisión de servizos por concelleiro, sen constar reincorporación.	<i>XT-XI: Está cuberta.</i>
Pontevedra	EEI Crespo Rivas	PT e AL completos. AL en comisión de servizos en centro de atención preferente. PT agora itinerante dende Campolongo. 38 casos neae e ratios de 25 por aula.	<i>XT-XI: Todo correcto. O PT deixou de itinerar.</i>
Porriño, O	CEIP Cruz Budiño	Falta o cuarto posto de EI con 43 alumnos/as en tres aulas.	<i>XT-XI: Todo correcto. Incluso ten orientación a tempo completo que non corresponde.</i>
Ribadumia	CPI Julia Becerra Malvar	Comunicoulles o inspector que dende recursos humanos non autorizan un sustituto/a para unha praza que quedou vacante por unha persoa que aprobou unha praza en exteriores. Comunicaronlles fai dous días, coas clases, horarios, alumnos.... E con todas as necesidades que teñen neste centro, que son sobre 30 alumnos/as por aula.	<i>XT-XI: Están pendentes de cubrir, a praza está pedida.</i>
Sanxenxo	CEIP Florida	<ol style="list-style-type: none"> 1. Por catálogo corresponden 2 especialistas de educación física (11 unidades) e só hai un. Avisaron de inspección sen explicación dos motivos, teñen que refacer os horarios. 2. Orientación foi ofertada no CXT e non foi adxudicada. Esta una persoa provisional y ya les pasó lo mismo en otra ocasión, se llevó a la Xunta de Persoal pero nada. 	<i>XT-XI: Non corresponde porque ten 8 unidades (non 11). Non lle corresponde segundo catálogo. O ano pasado tiveron 2 pola Covid-19.</i>
Sanxenxo	CEIP Portonovo	<ol style="list-style-type: none"> 1. Perderon medio PT, coas mesmas necesidades do curso pasado, tiñan un completo e agora compartido. Enviaron un informe do Departamento de Orientación para xustificar as suas problemáticas NEAE. 2. Comentan que pola zona cambiaron as itinerancias dos docentes de relixión e que lles obrigaron a refacer horarios nos centros implicados por ese motivo 	<i>XT-XI: Todo correcto. O centro non xustificou as necesidades nin solicitou máis. Ten 1,5.</i>
Valga	CEIP de Baño-Xanza	Falta unha praza de EI.	<i>XT-XI: Non falta. Teñen máis do que corresponde.</i>

Vigo	CEIP A.D.R.Castelao	<p>A situación é:</p> <p>15 unidades (9 de Primaria, 6 de Infantil)</p> <p>Xefa de Estudos, Secretaria (titoras de Primaria) e Directora de Música: 21 horas de redución horaria (o que fai o horario doutro mestre)</p> <p>Custodia de alumnado antes do inicio das clases en 15 aulas e 10 puntos de acceso, con que falte un mestre xa comezan os problemas. (Somos 25 mestres, e dous, por redución horaria, comezan a media mañá).</p> <p>Dous coidadores (como o curso pasado) para atender ós casos diagnosticados o curso pasado, ós non diagnosticados, ós 4 alumnos TEA novos este curso e a unha nena que precisa coidador e enfermeiro a tempo completo.</p> <p>Solicitan un PT/AL a maiores do catálogo xa que teñen moitos alumnos con necesidades específicas, moitos con necesidades en lingua e non teñen horas para atender outras funcións do centro como aulas matinais, biblioteca creativa, a persoa coordinadora do Plan Dixital... Tamén precisan unha coidadora a maiores, tal e como solicitou o EOE e que lle comunicaron que para o ano si que estará, pero a necesidade tamén a teñen este ano.</p>	<p><i>XT-XI: Teñen os dous coidadores que corresponde. Piden un 3º máis que non corresponde. O EOE fixo informe considerando que cos 2 está todo cuberto.</i></p> <p><i>Prioridade ao alumnado que entra pola quenda de a.n.e.e. e en función diso se atende. O PT non está para facer reforzos.</i></p>
Vigo	CEIP Candeán	<p>Precisan unha coidadora Aux.Coidadora con informe favorábel da EOE e falta autorización da inspección que non saben nada.</p>	<p><i>XI: Non lle consta. O informe do EOE non é vinculante e hai que estudar en cada caso. Aproveita para afirmar que están facendo unha análise de cada centro o tempo que lle adican ao centro (a xornada é de 37,5 horas) e non o cumpren. Cren que hai moitos que só están para atender necesidades de alumnado de infantil que consideran non é totalmente adecuado, mais concedeuse igualmente.</i></p>

SECUNDARIA:

Vigo	CMUS Superior de Vigo	<p>carácter bilingüe (!) do posto de Pedagogía 057 do corpo de Catedráticos de Conservatorio 593. Presentado recurso por profesor afectado. Pídese explicacións á Xefatura Territorial e xestións para a rectificación da adxudicación.</p>	<p><i>XT-XI: Foi un erro na solicitude do CADP pois non se incluiu o perfil bilingue. E a de clarinete do revés.</i></p>
------	-----------------------	---	--

			<i>Cando se puido facer na aplicación fíxose. Foi rectificado, pero a persoa reclamou antes de subsanar o erro.</i>
Guarda, A	IES A Sangriña	O cupo pasou de 81 no curso 19/20 a 76 no 21/22, polo que se suprimen os agrupamentos de matemáticas, linguas galega e castelá, redúcese a disponibilidad para gardas e dificultase o desenvolvemento dos programas CPInova e Cpinclúe-t.	<i>XT-XI: Está todo resolto. Mandouse o profesor de matemáticas xa en setembro. Deixouse de impartir un ciclo de dual e dous grupos menos da ESO e Bacharelato (son 3,5 menos).</i>
Marín	IES Chan do Monte	A inspección actual non lles permite manter as 30 horas de redución para mantemento informático (máis de 450 CPUs, 7 servidores ademais de administración, que deben externalizar o servizo. O cupo pasou de 65 no curso 19/20 a 64 no 21/22.	<i>XT-XI: Era unha barbaridade de 35h para omantemento informático. É algo moi custoso.</i>
Neves, As	IES Pazo da Mercé	recorte no cupo: de 42 profesores/as solicitadas, a 40. Non se forma o grupo de 2º PMAR, non impartición de materias de 2º Bacharelato. XH, LCL.	<i>XT-XI: Todo correcto.</i>
Neves, As	IES Pazo da Mercé	Dous postos de secundaria menos (de 42 a 40)	<i>XT-XI: Todo correcto.</i>
Neves, As	IES Pazo da Mercé	Neste centro o equipo directivo calculou que se necesitan 42 profesores e profesoras no curso 2021-2022 (hai un curso máis, 2º CS), pero a indicación da Consellería de Educación, a través do inspector, é que só van a concederse 40. Xustamente unha das prazas é a de XeH e como ben saben no instituto, pois hai uns anos eliminouse unha de Lingua Castelá, non se volverá recuperar. O Pazo da Mercé é un centro ubicado nun rural demograficamente en retroceso, o que se materializa na non formación dun grupo de 2º PMAR ou que non poidan impartirse determinadas materias de 2º de Bacharelato ao non acadarse o mínimo de 5 alumnas e alumnos, un criterio que se ben non é válido en xeral, moito menos o é no rural. Esta é a realidade do curso 2021-2022, pero de non revertese as políticas contrarias ao público e ao rural, en moi poucos anos o instituto desaparecerá.	<i>XT-XI: Todo correcto.</i>
Pazos de Borbén	CPI Curros Enríquez	De 14 a 13 profesores, eliminando un de matemáticas. En Primaria fécchase unha unidade.	<i>XT-XI: Todo correcto.</i>
Ponteareas	IES do Barral	estase a empregar, de maneira sistemática, a hora de titoría con pais e nais coma hora de garda (en caso de que non teñan pais) tal e como consta nos horarios remitidos ao profesorado, incumplindo así o establecido na orde do 4 de xuño de	<i>XT-XI: Todo correcto. Foi un erro da dirección.</i>

		2012 na que se regula a xornada de traballo do persoal dos centros educativos.	
Pontevedra	CPI Domingo Fontán	Co profesorado adxudicado non puideron organizar grupos de PMAR nin ningún desdoblamento.	<i>XI: Todo correcto. Segundo a XI a afirmación é falsa pois teñen total liberdade para organizar os grupos.</i>
Pontevedra	IES Xunqueira I	O cupo pasou de 58 no curso 19/20 a 54 no 21/22. Por -2 alumnos en 2º ESO, que facilmente aparecerán ao longo do curso; con 89 alumnos perden dous profesores, o que impide o desenvolvemento dos plans de atención á diversidade, o Plan Dixital, a participación no PFPP. Aulas de bacharelato de 54 m2 con 35 alumnas/os.	<i>XI: Aumentouse o cupo en 2 docentes pois estaba mal feito o cálculo.</i>
Valga	IES de Valga	Non se incrementa o cupo (49) en dous postos que corresponderían pola implantación do novo ciclo formativo	<i>XI: As vacantes dos ciclos formativos novos retéñense até o final por se o mesmo non vai adiante. O número de docentes foi correcto.</i>
Vigo	IES Audiovisual	Aclaracións sobre asignación de grupos e horarios no IES Audiovisual de Vigo.	<i>XI: A inspección non ten ningunha queixa. O reparto de grupos e horarios foi aceptada segundo os propios docentes. Actuouse consonte ao regulamento orgánico. A normativa non impide que de xeito voluntario poida dar en diferentes quendas.</i>
Vigo	IES Beade	Falta medio posto de Economía con afín matemáticas informado positivamente por Inspección e pendente de asignar.	<i>XI: Todo correcto.</i>
Vigo	IES de Chapela	Funciona desde o curso 19-20 con dúas prazas de Orientación. O 29 de xullo RR.HH. comunicou que a un dos orientadores con praza definitiva no centro se lle concede unha comisión de servizos para o EOE de Pontevedra. O día 2 de setembro, cando se comunica a nova carga de vacantes para os centros, o director observa na aplicación persoalcentros que pode cargar unha nova vacante. Estaba pendente de completar o cupo unha media xornada de música que permite unha redución ao director para evitar que imparta 15 horas música. Nese momento solicita nesa nova carga de vacantes a media xornada que se vén concedendo desde o curso 18-19; erradamente, pois as medias xornadas non se solicitan na aplicación informática, e as comisións de servizos para unha asesoría hai que solicitalas. O 9 de setembro cando se publica o CADP, advírtese o erro ao non aparecer a praza de orientación, e o director ponse en contacto coa inspectora. Solicítase a praza completa. Vén	<i>XI: Foi un erro do centro que solicitou mal a praza. No cupo estaba previsto, pero “fixeron mal o seu traballo”. Vaise pedir de todos os xeitos, pero hai outras prioridades.</i>

		funcionando dende o curso 19-20 con dúas prazas de Orientación xa que ten arredor de 950 alumnos e 88 dos mesmos con necesidades específicas. Este ano reduciuse media praza de orientación e isto trae consigo graves consecuencias para o centro e o alumnado, polo tanto solicitamos que se recuperen as 2 prazas coas que contaban anteriormente, poden asumir perder a un profesor de outra especialidade pero nunca un orientador, sabendo a cantidade de casos cos que tratan actualmente.	
Vigo	IES Os Rosais	Esixiúselles a reelaboración do horario a 15 de setembro (con renuncia da dirección) por non aprobación do horario do centro co grupo de 1º bacharelato de Humanidades, elaborado segundo as instrucións recibidas de Inspección con latín e grego a menos de cinco alumnos. Reduciuse o cupo en 2 profesores/as, malia que aumentou o alumnado en 70 estudantes con relación ao curso 19/20 e tamén se formaron grupos en tres materias máis, con opción por vez primeira de matemáticas aplicadas ás CC.SS., con tecnoloxía e iniciativas emprendedoras. Cómpre polo menos 1 profesor/a do ámbito científico.	<i>XI: O centro manifestou que xa ten o profesorado para facer o grupo de matemáticas. O inspector non exixiu nada, mais ofreceu varias posibilidades.</i>
Vigo	IES San Tomé de Freixeiro	1 docente menos (LGL). Pídese reforzar o departamento de orientación e profesor/a de linguas para alumnado estranxeiro.	<i>XI: Esa praza non tiña horas e só facía labores de biblioteca.</i>
Vigo	IES Santa Irene	O cupo pasou de 64 no curso 19/20 a 60 no 21/22. Redución de desdobres, atención á diversidade e apoios. Maiores necesidades de profesorado de garda. Houbo que reducir un grupo de ESA. Maior carga lectiva e maiores ratios	<i>XI: Houbo un erro na petición.</i>
Vigo	IES Valadares	Confírmase novamente que o carácter bilingüe de algúns postos e os insólitos perfís de afíns ofertados no cadp non se materializan nos horarios do profesorado. Dos 17 profesores procedentes do CADP, só 4 teñen horarios acordes co perfil de peticións do centro. Ver nota * no Anexo.	<i>XI: Hai que pórse no papel da dirección. E por iso ás veces se piden prazas con horas que logo non se dan, mais faise por salvagarda. Información que se traslada das Org. Sindicais non é correcta. Que se fale coa xefatura de estudos ou directora.</i>

[O XT abandona a reunión às 11h30 para asistir a outra xuntanza].

Desde o **STEG** parécenos una clara declaración de intencións cando o IX manifesta que é un “luxo asiático” ter un PT ou AL cun só alumno. Tanto XT e IX consideran que “hai que optimizar recursos”. A IX afirmou que en secundaria é escandaloso que se atenda un ou dous alumnos só nunha hora. Non se deben confundir reforzos com atención às necesidades educativas. Temos que estar atentos pois manifestaron que queren revisar todos os horarios dos AL e PT de secundaria pois cren que hai moita disfuncionalidade e queren “corrixir” esa situación.

Tamén resulta moi preocupante que vexan moitas atencións de Coidadores como algo “que non é relevante”, cando teñen que facer funcións que non corresponde ao docente e é precisa a súa atención no centro. Tamén confirmaron que están revisando todos os concedidos para ver se cumpren ou non a súa xornada laboral.

Dentro desta visión de recortes escondidos em “optimizar recursos”, oIX manifestou en varias ocasións que a norma de mínimo 5 alumnos no rural non se vén cumprindo, mais que xa vai sendo hora de facelo. Estivo anticipando em moitas ocasións que para o curso que vén non se van permitir grupos com poucos alumnos. Para moitas cuestións se achaca às organización s sindicais as normas que se aproban na Mesa Sectorial e que alí as OOSS presentes (CIG, ANPE, UGT e CCOO) non manifestaron nada em contra das mesmas (ex. Data de entrega de progrmaacións, atención e reforzos a alumnado, etc...).

As organizacións sindicais manifestamos, a respecto do IES de Valadares, que parece moi preocupante que se soliciten prazas com seccións bilingues cando logo non se imparten. Iso non é apropiado, independentemente do resto de vacantes.

6. Rolda de intervencións.

Desde o **STEG** manifestamos a problemática do IES Monte Carrasco de Cangas que non ten centro asignado para o Bacharelato e hai alumnado que queda em espera até setembro para acceder ao IES María Soliño. *XT-XI: Manifesta que é un problema relacionado co ensino postobrigatorio no paso da ESO ao Bacharelato e que acontece em varios centros da provincia. Cren que hai que ser prudentes e non facer adscricións automaticamente.*

O XI lembra que cando un Órgano como o Consello Escolar quere aprobar un texto para publicar ou enviar á inspección non debe quedar á vontade do presidente do órgano que elabore ese texto. Débese aprobar alí no propio órgano un texto e envialo.

Ante a dúbida de se o alumnado menor de idade pode saír do centro, a Consellería habilitou unha posibilidade ante o Covid-19 para que o alumnado maior de 16 anos do Bacharelato, con autorización familiar, nos centros históricos que teñen pouco espazo. Em calquera caso, no resto dos centros, aínda non estando moi clara a norma, a custodia nese período escolar corresponde ao centro polo que o recomendábel é que non saian fóra. Em todo caso, o protocolo e as instrucións é o propio centro o que autoriza a saída.

ANEXO

(*) IES Valadares:

IES Valadares. Comparativa entre os postos solicitados no CADP e impartidas nas aulas				
Posto/s e especialidade	Afíns solicitadas polo Centro	Materias que imparten	Bilingüe (inglés)	Observacións
LINGUA CASTELÁ	Grego/Cultura Clásica	Concorda a petición		
LINGUA CASTELÁ	Filosofía, Latín	Só Lingua Castelá		Nin Filos. nin Latín
MATEMÁTICAS	Física e Química, Tecnoloxía	Só Matemáticas e Ámbito científico	SI	Nin Fis. e Quim. nin Tecno.
MATEMÁTICAS	Bioloxía, Economía	Matemáticas, Economía, Iniciativas Emprendedoras	SI	Non dá Biol.
FISICA E QUIMICA	Debuxo, Tecnoloxía	Física e Química, Informática, TIC	SI	Nin Debuxo nin Tecno.
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	Física e Química, Tecnoloxía	Bioloxía, Anatomía.	SI	Nin Fis. e Qui, nin Tecno.
DEBUXO	Xeografía e Historia	Só Debuxo	SI	Non dá Xeog. e Hist.
DEBUXO	Xeograf. e Historia, Inglés	Debuxo, Cultura Clásica	SI	Cambio de materias. Non Inglés
DEBUXO	Filosofía	Debuxo, Valores Éticos	SI	Non imparte Filosofía
INGLÉS	Francés	Só Inglés		Non Francés
INGLÉS	Filosofía, Francés	Inglés, Filosofía		Non Francés
INGLÉS	Filosofía, Música	Só Inglés		Nin Filosofía nin música
EDUC. FISICA	Debuxo, Tecnoloxía	Só Ed. Física	SI	Nin Debuxo nin Tecnoloxía
TECNOLOXÍA	Física e Química	Concorda a petición	SI	

TECNOLOXÍA	Física e Química, Economía	Matemáticas , Física e Química, Tecnoloxía, STEM , Imaxe e son.		Cambio e exceso de materias. Non economía
XEOGRAFÍA E HISTORIA	Sen afíns	Concorda a Petición	NON	
LINGUA GALEGA	Portugués	Concorda a Petición		